



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS Ó CONSELLO ESCOLAR

Convocatoria

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. 29/09/2021), a **Xunta Electoral** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ó Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS/PAIS**, segundo as normas seguintes:

1. Conforme o establecido no artigo 8º do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se **implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias** (DOG do 26 de xaneiro de 1999) corresponde elixir no presente proceso electoral a **unha/un nai/pai** dun total de tres que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores tódolos pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ó referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, antes do nove de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa **candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as, **ata as 15 horas do día dez de novembro**.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día quince de novembro, ás 14:10. horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de Secretario/a o de menor idade.

5.- A **campaña electoral** comprenderá **entre o dezasete e o dezanove** de novembro, ámbolos dous días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ó presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día vinte e dous de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro, propostos pola ANPA do mesmo ou avalados ó tal fin pola firma de 10 electores.

7.- As **votacións** realizaranse neste Centro o **día vinte e tres de novembro, de 8:30 a 15:00 . horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:25 h.

8.- Na papeleta de votación cada elector marcará un máximo de **dous**, dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ó voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos/as.



10.- Finalizada a votación procederase ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ó seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Monforte de Lemos, 2 a de novembro de 2.021

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral:



Asdo. María Núñez Gutiérrez